

## **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25 DE XANEIRO DE 2013.**

- 1.- Aprobación actas anteriores: Ses. ord. e extraord. Urxentes (2) 14-12, extr. urx. 19-12, extr. urx. 20-12, ordin. 21-12, extr. urxentes (2) 21-12, extr. urx. 26-12 e extr. urx. 27-12-12.

### **ASESORÍA XURÍDICA**

- 2.- Dar conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos pola Asesoría Xurídica:
  - a) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A PA nº 337/2012. Demandante: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> CARMEN LIMA GARRIDO. Obxecto: Resolución do 23 de agosto de 2012. Sanción Tráfico, estacionamento irregular (vao) e taxa guindastre. Sentenza, firme que estima o recurso, anula a sanción e ordena a devolución da taxa por retirada do vehículo aboada. Expte. 7675/111
  - b) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A PO nº 88/2012. Demandante: UNIVERSIDADE DE VIGO. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 14-11-2011. IBI 2010. Sentenza, non firme que desestima o recurso, con custas taxadas de oficio. Expdte. Nº 7244/111.
  - c) Sentenza nº 159 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 17/2011 PO (e C-1 PO 4/2011 acumulado). Demandante: VITRASA. Obxecto: Desestimación "presunta". Reclamación do 27-05-2010 de cantidades por déficit de servizo ("acumulado", en tarifas e investimentos). Desestima a apelación da actora Expdte. Nº 6433-111
  - d) Sentenza: nº 392 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Demandante: "ASOCIACIÓN VIGUESA POLA MEMORIA HISTÓRICA DO 36". Obxecto: Desestimación presunta de "petición" do 19 de xullo de 2011 de retirada da Cruz do Castro. Non firme, estima parcialmente o recurso Expdte. Nº 7045-111
  - e) Sentenza: nº 747 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4<sup>a</sup>. no RC-A nº PO 5/15031/2010. Demandante: VODAFONE ESPAÑA, S.A. Obxecto: Ordenanza Fiscal (BOP 14-12-2009). Non firme, estima parcialmente o recurso, Expdte. Nº 5890-111.
  - f) Sentenza: nº 1 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 384/11 PO. Demandante: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L. Obxecto: Desestimación presunta Reclamación de pagamento de 3 facturas (695/2006, 3/2007 e 161/2007). Non firme, estima o recurso. Expdte. Nº 6949-111

### **BENESTAR SOCIAL**

- 3.- Servizo de Axuda no Fogar. Exptes. 1827/16, 353/14 e 1700/01.

### **CONTRATACIÓN**

- 4.- Devolución de garantía: LF Escénica. Expte. 4347/241.

### **CULTURA**

- 5.- Solicitud de autorización de D<sup>a</sup> Marta Núñez Aboy para asistir á Feira Europea de Teatro para nenas e nenos Feten-2013. Expte. 14107/331.

### EDUCACIÓN

- 6.- Convocatoria bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas: Subsanación de erro aritmético, renuncias e novas incorporacións. Expte. 14376/332.

### EMPREGO

- 7.- Aceptación subvención complementaria da Memoria “Apoio á cidadanía na xestión administrativa, en concepto de mobilidade xeográfica de dúas traballadoras beneficiarias. Expte. 9447/77.

### FESTAS

- 8.- Aprobación modificación bases de utilización do Auditorio municipal e modelos de autorización para aluguer e cesión temporal das instalacións. Expte. 4944/335.

### IGUALDADE

- 9.- Solicitud de prórroga do IV Plan de Igualdade aprobado o 25/11/2009. Expte. 05805/224.
- 10.- Cesión temporal de vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co nº F-00473-C-006. Expte. 5573/224.

### PARQUE MÓBIL

- 11.- Solicitud autorización para enaxenación para chatarra de diversos materiais e obxectos depositados no Parque Central. Expte. 1930/448.

### URBANISMO

- 12.- Disolución da Xunta de Compensación do PERI II-05 ROCÍO. Expte. 5074/401.
- 13.- Proxecto de expropiación da superficie destinada na actuación illada AA-01, para a nova localización da subestación de Balaídos derivada do desenvolvemento da APR A-3-23. Expte. 232/413.
- 14.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes aos expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **vinte e cinco de xaneiro de 2013 ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (10,00 h.) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 23 de xaneiro de 2013.

rs.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.